



PEPE SENDON PRESENTA

FALANDO CLARO

**A HISTORIA DO ANARQUISTA
CLARO JOSE SENDON LAMELA**

CLARO JOSE SENDON LAMELA, nacido en Louro - Muros en 1897 e finado en Nova York en 1937, deixounos en apenas corenta anos unha peripecia vital tan convulsa e turbulenta coma a época que lle tocou vivir. Sendo aínda un neno, cruza o Atlántico como parte do masivo éxodo galego de principios do século XX. En Buenos Aires inicia unha formación autodidacta que anos despois agromaría no seu traballo xornalístico e acada a conciencia de clase que o fará, fillo do pobo, traballar arreo a prol da causa dos desposuídos, sempre desde os principios anarcosindicalistas que aprendeu e practicou nas loitas obreiras arxentinas. Xa un mozo, nos anos 20, atopámolo participando activamente nos círculos libertarios de Filadelfia e Nova York, moi en contacto coa prensa ácrata de Barcelona e atento á evolución do crecente anarquismo galego, no que se integrará con decisión nos anos 30, desenvolvendo un intenso labor na sección galega da CNT. Orador de recoñecida valía, organizador incansable e posuidor dunhas persoais dotes xornalísticas que o levarían a publicar en numerosas cabeceiras ácratas españolas, dirixir o semanario Solidaridad Obrera na Coruña e integrar a redacción do CNT Diario en Madrid, Claro foi unha das figuras sobranceiras do sindicalismo galego nos tempos da 2ª República.

FALANDO CLARO é unha reconstrución da vida aventureira dun personaxe único a través dos textos que nos deixou. Por medio deles transitaremos pola Semana Tráxica arxentina, polos anos 20 neoiorquinos, polo Crack de 1929 e a posterior Grande Depresión, pola vitalidade dos primeiros días da República e o agre Bienio Negro, por insólitos episodios do anarquismo galego, polos ominosos días previos á sublevación militar e, finalmente, pola Guerra Civil española.

As palabras dun rebelde, deste afouto rebelde de Louro, libertarias e radicais, agudas e retranqueiras, dramáticas e emocionantes, serán a nosa guía para coñecer unha figura novelesca que malia parecer de outro mundo, é do noso; e para revisitar unha parte moi importante do noso pasado, que malia parecer outra historia, tamén é a nosa.